

RESOLUCION PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024047508
ASUNTO	CONCURSO DE DISEÑO DO CARTEL QUE SERÁ A IMAXE DO I ENCONTRO LITERARIO E ARTÍSTICO "PONTEVEDRA LITERARIA. XUVENTUDE E ARTES"
TRÁMITE	NOMEAMENTO MEMBROS DO XURADO

O deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, de conformidade co establecido na Resolución Presidencial de 10 de xullo de 2024, número 2024005761 de delegación de atribucións do presidente, e no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

1º.- A Deputación de Pontevedra organiza o próximo mes de outubro un encontro literario e artístico destinado á mocidade, co título "Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes". Este evento consistirá nunha serie de charlas-coloquio, impartidas tanto por novelistas cunha traxectoria consolidada como por algunhas das persoas galardoadas en anteriores edicións dos devanditos premios. Nestas xornadas compartirán as motivacións que as animaron a escribir, relatarán as súas experiencias no mundo literario e darán consellos e recomendacións para as persoas que se queiran iniciar nesta disciplina.

Ademais, o encontro completárase con dúas exposicións: unha de fotografía, na que se amosarán as obras gañadoras das últimas sete edicións dos Premios Provinciais á Xuventude, e outra de pintura, que incluírá cadros realizados por mozas e mozos da provincia.

2º.- Co fin de dar visibilidade e participación activa á mocidade da provincia, no BOPPO N° 145 de 1 de 26 de xullo de 2024, publicáronse as bases reguladoras e convocatoria para participar no concurso de deseño do cartel que será a imaxe do I Encontro literario e artístico "Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes".



3º.- A convocatoria está dirixida a mozas e mozos da provincia de Pontevedra de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos, e o prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 30 de agosto de 2024.

De conformidade co establecido na Base novena desta convocatoria, a selección do deseño gañador do premio obxecto desta convocatoria realizaraa un xurado nomeado polo presidente da Deputación de Pontevedra ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

De acordo co exposto e en base aos antecedentes sinalados, **RESOLVO:**

1.- O nomeamento dos membros do xurado do concurso de deseño do cartel que será imaxe do I Encontro Literario e Artístico "Pontevedra Literaria. Xuventude e Artes":

- Presidenta: Rebeca Domínguez Pérez, xefa do Servizo de Comunicación Institucional ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: Begoña Estévez Bernárdez, xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ou persoa en quen delegue.
- Vogal: Anabel Domínguez de Lima, técnica de deseño e imaxe do Servizo de Comunicación Audiovisual.

O xurado axustará a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) e as súas decisións son inapelables.

2.- Proceder á súa publicación na páxina Web www.depo.gal ".

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime convinte.

